



Con data de hoxe, 9 de xullo de 2019, a Comisión de Valoración procedeu a notificar individualmente a algúns participantes no concurso a modificación producida na puntuación acadada nas listaxes provisionais, en exercicio das funcións e competencias que lle atribúe o Decreto 146/2001, de 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, como consecuencia da apreciación de determinados erros materiais, de feito ou aritméticos na suma das devanditas puntuacións, consonte o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As respectivas comunicacións, referidas unicamente ás personas notificadas, constitúen un acto de trámite e polo tanto non cabe interpoñer recurso algún fronte ás mesmas, poidendo cada interesado facer as alegacións que estime pertinentes fronte ás listaxes definitivas, mediante os recursos que determina a Lei.

Isto debe entenderse sen prexuízo das alegacións que foron formuladas polos participantes e que serán valoradas ao dictar as listaxes definitivas, que fixarán a puntuación final que lle corresponde a cada aspirante de acordo coas Bases.

O Presidente da Comisión,

Francisco López Rois

